

MEDIO RURAL GALEGO

UNHA OLLADA AO FUTURO DA EDUCACIÓN NO MEDIO RURAL

*Conclusións*



## II ENCONTRO DE DEBATE

16 e 17 de novembro do 2007

Edificio de sindicatos. Chantada (Lugo)

ORGANIZA



INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

Nova Escola Galega \* Apto. 586 \* 15703 - Santiago de Compostela  
Tlf./Fax: 981562577 \* [neg@mundo-r.com](mailto:neg@mundo-r.com) \* [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)

Colaboran



Concello de Chantada



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Organizado por Nova Escola Galega celebrouse en Chantada os pasados días 16 e 17 de novembro o II Encontro de Debate: “Medio rural galego, unha ollada ao futuro da escola rural”. O Encontro, ao que asistiron cerca dun cento de profesionais da educación, permitiu abordar algunhas temáticas complementarias ás que foran analizadas na primeira edición, como son a formación inicial e permanente do profesorado, a presentación para o debate de proxectos de escola rural desenvolvidos noutros lugares do Estado, nomeadamente en Cataluña, e o contacto con experiencias educativas singulares que proxectan o seu traballo na propia contorna ou que forman parte de proxectos de desenvolvemento comunitario.

Ademais, e dándolles cumprimento ás conclusións aprobadas no I Encontro, dedicouse un espazo para pulsar a actualidade das accións do goberno galego sobre o medio rural e as liñas de traballo cara ao futuro.

O Encontro, que contou tamén coa presenza de colectivos pedagóxicos e organizacións sindicais que desenvolven un traballo conxunto na Mesa de Educación no Rural, evidenciou a necesidade de continuar afondando no cumprimento dos distintos obxectivos e accións formulados nas conclusións do I Debate sobre “Medio rural galego: a necesidade dunha resposta educativa”.



Considerando os centros de interese deste II Encontro achéganse, de maneira sintética, as seguintes conclusións:

1. Instar ao goberno galego no seu conxunto e ao Parlamento a que, sen dilacións, sitúe a problemática do medio rural nas prioridades da súa acción política, deseñando e desenvolvendo, de xeito coordinado, estratexias de carácter integral que vaian máis aló das iniciativas ou accións promovidas desde cada ámbito da administración.
2. Solicitar da administración educativa que dea a coñecer a súa diagnose e liñas de acción futuras para a educación no medio rural.
3. Reclamar das administracións implicadas na acción educativa no medio rural unha sensibilidade distinta, que recoñeza e poña en valor as propostas elaboradas polas organizacións e entidades pedagóxicas con presenza neste ámbito, establecendo os lóxicos mecanismos de interlocución, tal e como sucede noutros lugares do estado.
4. Demandar das administracións con competencias na acción educativa que asuman un traballo de divulgación de experiencias educativas singulares que permita o seu coñecemento e abra posibilidades para o traballo en rede.
5. Evidénciase a necesidade de promover un marco de colaboración estable entre as entidades e colectivos pedagóxicos que traballan neste ámbito e as tres universidades galegas, co obxecto de incidir na mellora da formación inicial dos profesionais da educación e na calidade dunha intervención educativa inclusiva, que contemple tamén a perspectiva do rural.



6. Reitérase que a idea de repensar a escola acollendo tamén as necesidades específicas do medio rural, implica a adopción de medidas curriculares que, entre outras accións, desenvolvan con carácter transversal elementos relacionados coa posta en valor do patrimonio cultural, tanto material como inmaterial, de especial raizame no medio rural, e que, malia o seu evidente potencial pedagóxico, resulta moitas veces descoñecido.

7. Apoiar a candidatura do **Patrimonio Inmaterial Galego - Portugués** á declaración pola Unesco como Obra Mestra do Patrimonio Inmaterial.

Chantada, 17 de Novembro de 2007.



Inauguración do encontro: *Mercedes Vázquez Vázquez*, coordinadora do II Encontro; *Manuel A. Taboada Rodríguez*, Alcalde de Chantada, *Luis M. Álvarez Martínez*, Delegado da consellería de Educación e O.U. en Lugo, *Xosé Lastra Muruais*, Presidente de NEG.



Clausura do encontro: Concelleira de Cultura do Concello de Chantada e Presidente de NEG.



## Medio rural galego. Unha ollada ao futuro da educación no medio rural IIº Encontro de debate. *Conclusiones.*



### Conferencia: “Alternativas de intervención educativa no medio rural”

*Xosé Manuel Malheiro* (NEG), profesor da Facultade de C. da Educación da USC (mod.); *Raúl Manzano*, membro do Secretariat d’Escola Rural de Catalunya, da Federació de MRP e colaborador do GIER.



### Mesa redonda: “O futuro do medio rural desde a perspectiva da administración”

*Emilio López Pérez*, delegado da Consellaría de Medio Rural en Lugo; *Cosme E. Pombo Rodríguez*, delegado da Consellaría de Vivenda e Solo en Lugo; *Xosé Lastra Muruais*, Presidente de NEG (mod.); *Xoán Xosé Molina Vázquez*, delegado da Consellaría de Cultura e Deporte en Lugo; *Xesús Fortes Gómez*, coordinador pedagóxico das Galescolas, de Vicepresidencia.



### Mesa redonda: “A educación no rural e as súas implicacións na formación inicial e permanente do profesorado”

*Antonio Rodríguez Corbal*, mestre; *Emilio A. García Fernández*, ex-asesor do CFR de Ourense. Servizo de Formación do profesorado da Consellería de Educación; *Xosé L. Rivas Cruz (Mini)*, mestre; *Narciso de Gabriel Fernández* (NEG), Decano da Facultade de C. da Educación da UDC (mod.); *Lois Ferradás Blanco* (NEG), Decano da Facultade de C. da Educación da USC, *Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero)*, mestre.



Medio rural galego. Unha ollada ao futuro da educación no medio rural  
IIº Encontro de debate. *Conclusiones.*



**Mesa redonda: “A educación no rural e as súas implicacións na formación inicial e permanente do profesorado”**

*Antonio Rodríguez Corbal*, mestre; *Emilio A. García Fernández*, ex-asesor do CFR de Ourense. Servizo de Formación do profesorado da Consellería de Educación; *Xosé L. Rivas Cruz (Mini)*, mestre; *Narciso de Gabriel Fernández (NEG)*, Decano da Facultade de C. da Educación da UDC (mod.)



**Mesa redonda: “A educación no rural e as súas implicacións na formación inicial e permanente do profesorado”**

*Antonio Rodríguez Corbal*, mestre; *Emilio A. García Fernández*, ex-asesor do CFR de Ourense. Servizo de Formación do profesorado da Consellería de Educación; *Xosé L. Rivas Cruz (Mini)*, mestre; *Narciso de Gabriel Fernández (NEG)*, Decano da Facultade de C. da Educación da UDC (mod.); *Lois Ferradás Blanco (NEG)*, Decano da Facultade de C. da Educación da USC, *Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)*, mestre.



Os/as asistentes ao II Encontro, durante unha sesión de traballo.



Medio rural galego. Unha ollada ao futuro da educación no medio rural  
IIº Encontro de debate. *Conclusiones.*



Panel de experiencias: “**A escola aberta á súa contorna**”  
“O tesouro dos noso avós”, *Marisa Guerra e M<sup>a</sup> Cruz Rivas*, (IES A Sangriña, A Guarda); “Ponte nas ondas: posta en valor do patrimonio polos escolares”, *Santiago Veloso* (IES de Gondomar); *Xesús Rodríguez* (NEG), profesor da Facultade de C. da Educación da USC (mod.); “A outra escola: unha escola diferente. O CRA de Teo”, *Manuel Masaguer Rodríguez*.



Panel de experiencias: “**A escola aberta á súa contorna**”  
“O tesouro dos noso avós”, *Marisa Guerra e M<sup>a</sup> Cruz Rivas*, (IES A Sangriña, A Guarda). Dúas alumnas contan a experiencia.



Panel de experiencias: “**A escola aberta á súa contorna**”  
“O tesouro dos noso avós”, *Marisa Guerra e M<sup>a</sup> Cruz Rivas*, (IES A Sangriña, A Guarda).



Medio rural galego. Unha ollada ao futuro da educación no medio rural  
IIº Encontro de debate. *Conclusiones.*



Panel de experiencias: **“A escola aberta á súa contorna”**  
“O tesouro dos noso avós”, educadora social e psicóloga da Residencia da 3ª idade coa que se realizou a experiencia.



Panel de experiencias: **“Experiencias interxeracionais e proxectos de desenvolvemento comunitario no medio rural”**  
*Mercedes Vázquez Vázquez* (NEG), coordinadora xeral do encontro (mod.); *Margarita Lobato García*, Proxecto Orimax de dinamización social e cultural no Concello de Catoira; *Sonia Paz Freire*, concello de Allariz; *Antonio Rodríguez Corbal*, Lodoselo, CDR O Viso.



Elaboración de conclusións.  
*Mercedes Vázquez Vázquez* (NEG), coordinadora xeral do encontro; *Mª Dolores Candedo Gunturiz*, vicepresidenta de NEG e vicedecana da Facultade de C. da Educación da UDC; *Lois Ferradás Blanco* (NEG), Decano da Facultade de C. da Educación da USC.